

**Un país  
xusto.**

**A Universidade  
galega**

**Programa  
2016**



### 3 **Diagnose**

3 1.1. As políticas do PPdeG na universidade

4 1.2. As políticas do PPdeG en I+D

5 1.3. Escenario financeiro

### 8 **Ideas e propostas**

1. A cooperación como eixe vertebrador do Sistema Universitario Galego (SUG)

2. Mellora progresiva do financiamento público do SUG para colocalo na media da nosa contorna estatal e europea

3. Garantía de acceso universal aos estudos superiores: taxas e política de bolsas

4. Persoal: promoción, estabilización e renovación xeracional

5. Unha universidade comprometida co impulso da lingua galega

6. Unha oferta plural e diversificada de titulacións, acorde co carácter público do SUG

7. Estudos de xénero e feminismos

8. Estudantado: compromiso coa inserción laboral das persoas tituladas nas nosas universidades

9. Converxer coa media estatal no investimento en I+D

# 1. Diagnose

## 1.1. As políticas do PPdeG na universidade

Durante a última lexislatura, o goberno de Mariano Rajoy levou a cabo unha auténtica contrarreforma universitaria que, xunto coa crise económica, conduciu as universidades a unha situación de precariedade financeira e perda de autonomía na xestión.

O goberno de Alberto Núñez Feijoo non paliou esta situación senón que a exacerbou.

Ademais da contracción do gasto público universitario, as dúas últimas lexislaturas do goberno do Partido Popular de Galicia deitan un balance máis que discutible para a sustentabilidade do modelo constitucional de ensino superior, caracterizado pola súa autonomía respecto dos restantes poderes públicos.

Durante estes anos, a actitude política do Partido Popular en Galicia foi a desconfianza.

Desconfiar das Universidades galegas é a premisa sobre a que se asentou unha conduta política de prepotencia institucional. De aí a ausencia de negociación real cos actores universitarios, de falta de colaboración institucional leal. Coa escusa da recesión económica e do control do déficit introducíronse inéditos mecanismos de control xa non só do gasto, senón do exercicio da autonomía universitaria, como a citada determinación do número e tipoloxía de prazas docentes e investigadoras.

Por mor dunha lectura centralista das competencias autonómicas, as sucesivas leis orzamentarias aprobadas polo PP co «rodillo» da súa maioría absoluta agravaron os mecanismos de control de gasto de persoal alén do permitido pola propia lei de Orzamentos do Estado, até converter as nosas Universidades en institucións intervidas polo poder político que, por exemplo, tiveron que solicitar autorización previa de dúas Consellarías para a contratación de prazas temporais.

As consecuencias destas decisións témolas na contracción do número de efectivos do persoal docente e investigador (PDI) e do persoal de administración e servizos (PAS) das universidades, na paralización da promoción profesional e na práctica inexistencia de carreira docente e investigadora dentro das universidades, unha forma máis de atacar o servizo público que as universidades proporcionan. A falta de renovación e unha media de idade moi alta entre o PDI son hoxe a realidade nas nosas universidades, unha situación que terá consecuencias nun futuro inmediato na dificultade do mantemento de liñas de investigación e nunha eventual diminución da calidade da docencia ao non existir relevo xeracional. En relación ao PAS, as políticas de contención de gasto e os axustes de persoal fan moi difícil a dotación de persoal técnico cualificado de apoio á docencia e á investigación, indispensable nunha universidade que ofrezca docencia e realice investigación de calidade nun contexto de crecente internacionalización.

O novo PFSUG non fai senón incrementar, mediante a introdución non negociada nin obxectiva de distintos indicadores, o seu grao de condicionalidade financeira da vida universitaria.

Por outra banda, as dúas leis autonómicas aprobadas por Feijoo (a Lei 5/2013, do 20 de maio, de fomento da investigación e a innovación en Galicia e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia) foron unha oportunidade perdida para lograr un consenso de país arredor do noso sistema universitario.

O PP desbaldiu a súa maioría absoluta en normas legais que se limitan a reproducir a normativa estatal, sen innovar no noso modelo universitario nin facelo máis axeitado ás nosas potencialidades e necesidades, que son moitas nun entorno crecentemente competitivo e internacionalizado. As escasas innovacións se centran, no entanto, nos enfoques friendly business: en propiciar seguridade xurídica ao marco regulatorio de implantación de universidades privadas e en incrementar as medidas de control gubernativo das Universidades, por exemplo coa creación dun corpo de inspectores universitarios de designación política.

As políticas académicas, coas restricións impostas ás universidades pola Xunta de Galicia na oferta de posgraos (mestrados e doutoramentos), levan camiño de converter moitos centros do SUG en escolas universitarias que exportan estudiantado graduado a universidades do resto do estado e de afectar gravemente ao I+D.

## 1.2. As políticas do PPdeG en I+D

O tecido de investigación e desenvolvemento, moi concentrado no Sistema Universitario Galego (SUG), ten avanzado dende a chegada da democracia parello ao aumento de alumnado universitario e ao crecemento das universidades galegas e baseado fundamentalmente no esforzo do persoal docente e investigador adscrito ás mesmas, nalgúns casos cun éxito sobresaliente a nivel internacional a pesar dos limitados recursos. O papel da Xunta de Galicia ten sido discreto nalgúns casos e completamente negativo noutros. Como exemplo disto último baste un: o programa Talentgalia. Este programa, cofinanciado pola Unión Europea e anunciado nos medios en varias ocasións entre finais do ano 2010 e mediados do ano 2012, buscaba atraer persoal investigador cualificado ofrecendo contratos de dous anos. A Xunta de Feijóo nunca abriu a convocatoria e perdeu o financiamento europeo: 4,9 millóns de euros que permitirían contratar 64 investigadores.

Durante o goberno de José Luis Rodríguez Zapatero houbera unha aposta pola I+D –acompañada por un aumento do investimento– que tivo o seu paralelo no goberno bipartito da Xunta. O plano INCITE foi o mellor intento de ter un deseño de investimento en I+D ata a data: a dotación para proxectos de investigación, o financiamento de investigadores e investigadoras emerxentes e un deseño de recursos humanos que cubría as diferentes etapas da carreira investigadora (predoutoral, posdoutoral inicial, e posdoutoral sénior) e a dotación de persoal técnico, tanto nas institucións públicas como na industria.

A chegada do goberno do PP presidido por Núñez Feijóo solapouse en dous anos coa execución do INCITE. Nos exercicios 2009 e 2010, o executivo Feijóo non tivo tempo a preparar un plan alternativo e tampouco considerou unha prórroga do INCITE e por iso no ano 2011 tan só houbo unha única convocatoria de nova adxudicación en I+D: a de consolidación de grupos de investigación, herdeira do INCITE. Todo isto foi acompañado dunha diminución do mesmo calibre dende o goberno central e de diferentes manobras que tiñan como obxectivo dificultar o acceso dos investigadores aos minguantes recursos: aumento das cargas de xestión administrativa, aumento de requirimentos para acceder ao financiamento, atraso recorrente nas convocatorias etc.

A principios do ano 2012 o goberno do PP na Xunta presentaba o plan I2C, que supuña un recorte brutal ao investimento en I+D. Un exemplo: no INCITE, o perfil máis elevado das convocatorias de recursos humanos, o de investigador Parga Pondal, correspondíase cun contrato de catro anos co obxectivo de consolidar ao investigador nunha praza permanente; de feito, centos de investigadores foron estabilizados no SUG a través deste programa. O perfil máis elevado contemplado no I2C para un investigador é un contrato posdoutoral de tres anos, dous no exterior e un de reincorporación a un centro galego sen garantía de consolidación. O programa Parga Pondal desaparecía. Recentemente a Xunta aposta por un novo programa denominado Oportunus no que se oferta a investigadores de alto nivel contratos permanentes. Por agora este programa restrinxíuse a persoas que acadaran un proxecto do European Research Council (ERC): dous investigadores e unha investigadora en dous anos. Aínda así a Xunta non formalizou aínda os convenios que permiten financiar os seus salarios.

No período de 2009 ata actualidade o gasto galego en I+D pasou do 0,96% ao 0,90% do PIB, moi lonxe da media estatal (1,30%) e da media europea, que se sitúa en torno ao 2,10%. Somos, en definitiva, a sexta comunidade con menor porcentaxe de investimento en I+D do estado: só superamos a Murcia, Estremadura, Castela-A Mancha, Canarias e Baleares. O investimento galego é case a metade do de Catalunya e non chega nen á metade do que realizan Euskadi, Madrid e Navarra, as comunidades que lideran este esforzo.

Estas foron as políticas e os investimentos mentres se repetía o discurso de que había que rematar co modelo económico baseado no «ladrillo» e apostar pola I+D como motor dun novo modelo.

### **1.3. Escenario financeiro**

No ámbito universitario, as dúas lexislaturas con maioría absoluta do Partido Popular de Galicia (2009-2016) estiveron marcadas polo forte impacto da recesión económica no SUG.

A contracción do gasto público autonómico en ensino universitario (fundamentalmente centrada nos recortes en gasto corrente e de persoal) marcou o desenvolvemento do Plan de Financiamento do SUG (PFSUG) correspondente ao período 2010-2015.


Se durante o PFSUG 2005-2010, os créditos tiveron unha tendencia crecente, pasando dos case 301 millóns de euros do ano 2005 aos case 392 millóns do ano 2010, no período 2010-2015 o financiamento foi decrecente. Segundo datos da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), o financiamento da comunidade autónoma galega á universidade pública caeu un 10,38% no período de 2008 a 2014: dos 390 millóns de euros do ano 2011, pasouse aos 374 millóns de euros do ano 2015.

**PLAN DE FINANCIAMENTO 2011-2015 (en millóns de euros)**


	2011	2012	2013	2014	2015	TOTAL
Financiamento estrutural	298,568	284,517	263,236	265,201	263,670	1.375,194
Financiamento por resultados	64,228	64,122	85,124	85,124	83,860	382,459
Financiamento por mellora da calidade	18,000	18,000	18,000	18,000	18,000	90,000
SERGAS-prazas vinculadas	6,553	5,888	5,762	5,720	5,662	29,586
SS deportes-INEF	2,945	2,945	2,842	2,842	2,842	14,417
<b>Total plan financiamento</b>	<b>390,295</b>	<b>375,473</b>	<b>374,965</b>	<b>376,888</b>	<b>374,034</b>	<b>1.891,657</b>


**Ingresos á marxe do plan (en millóns de euros, datos dispoñibles en xuño 2015)**

Transferencias de outras consellerías, age, fondos europeos	88,741	85,825	90,158	57,012	56,161	377,900
Axustes salariais		14,051	8,453	8,453	8,453	39,411
<b>Totais</b>	<b>479,037</b>	<b>447,247</b>	<b>456,670</b>	<b>425,447</b>	<b>421,743</b>	<b>2.230,145</b>



**Total plan financiamento**





O novo PFSUG para o período 2016-2020 non mellora as perspectivas plurianuais de gasto universitario en Galicia, e limitase a recoller a devolución da paga extra ao persoal das universidades, así como outros cambios menores, derivados da agregación de partidas anteriormente non incluídas nesta conta:

As previsións orzamentarias son as seguintes:

#### PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2016-2020\*

2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
392,30	407,22	415,57	423,08	429,96	2.069,26

\*Créditos de partidas orzamentarias directamente vinculadas ao PGFU 2016-2020 nos orzamentos da Xunta de Galicia (en millóns de euros)

As achegas públicas estimadas á marxe do PFSUG 2016-2020 calcúlanse de xeito constante:

2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
82	82	82	82	82	410

Os escenarios de financiamento autonómico para a vindeira lexislatura (en especial, se se conforma un goberno de dereitas en Madrid) fan pouco probable a existencia de marxe suficiente para o incremento sustancial destas cantidades de gasto.

## 2. Ideas e propostas

Frente ao modelo do PP, En Marea parte dun achegamento ben distinto ás universidades galegas. Para nós, as universidades públicas son as institucións destinadas desde hai anos, con moito esforzo colectivo, a fornecer dun ensino superior crítico e de calidade á poboación galega. O goberno galego ten que liderar a implicación e a complicitade das universidades co tecido social, cultural e económico, acompañando, facilitando e estimulando o seu libre desenvolvemento nunha sociedade complexa e aberta.

As universidades galegas son un sistema capaz de combinar especificidades locais cunha visión de país. Cumpre estimular a atención ao tecido local e comarcal das universidades, combinándoa coa atención á cooperación interuniversitaria e á cooperación entre as universidades e outros axentes do sistema de investigación de Galicia, como os hospitais do SERGAS, os centros do CSIC ou os do sistema autonómico. As potencialidades de cooperación esténdense tanto ao ámbito docente (titulacións conxuntas de grao e mestrado) como ao ámbito investigador. Tamén no ámbito da xestión, a posta en marcha do Consorcio Interuniversitario é unha oportunidade para compartir recursos, crear sinerxías e obter economías de escala que fagan máis eficiente os nosos recursos.

Os problemas de sustentabilidade e mellora da calidade do sistema universitario galego non poden resolverse sen esa visión integrada e confiada nas súas potencialidades.

Desde o goberno de Galicia En Marea pulará pola derogación dos decretos aprobados polo goberno de Mariano Rajoy [decreto-lei de medidas urxentes de 2012, decreto 3 + 2, decreto de acreditación de centros] e pola elaboración dun novo ordenamento que garanta un sistema universitario realmente público.

### 1. **A cooperación como eixe vertebrador do Sistema Universitario Galego (SUG)**

Aprofundar nos mecanismos de coordinación, para que a oferta académica e a actividade investigadora sexan coordinadas e, cando necesario, conxuntas, e os recursos compartidos.

Redefinición do papel do Consello Galego de Universidades, incrementando a presenza institucional das universidades.

Implicación da Xunta de Galicia no Consorcio Interuniversitario para impulsar a xestión conxunta e eficiente dos recursos, co establecemento de programas que reforcen a cooperación interuniversitaria no ámbito da investigación, e co apoio efectivo aos grupos de investigación interuniversitarios e mais aos grupos mixtos (de universidades, hospitais e/ou outros centros públicos de investigación).

Non aprobación da oferta de titulacións por parte de institucións privadas que se solapen con ou dupliquen as existentes no SUG.



## **2. Mellora progresiva do financiamento público do SUG para colocalo na media da nosa contorna estatal e europea**

Incremento anual dos recursos públicos destinados ao SUG, actualmente por debaixo da media estatal e europea, nunha taxa equivalente ao crecemento anual dos ingresos non financeiros do orzamento da comunidade autónoma máis dous puntos porcentuais durante o período 2016–2020, cun incremento mínimo do 5% anual durante cada un dos catros anos. Isto suporía un incremento superior ao 21% no cuatrienio 2016–2020.

Elaboración e aprobación dun regulamento específico que desenvolva o procedemento de determinación dos indicadores e de formulación do PFSUG, aumentando a transparencia e obxectividade da financiación universitaria, así como a rendición de contas á sociedade.

Estudo de medidas fiscais que incentiven as achegas e investimentos privados ás Universidades para fins docentes e de investigación.

## **3. Garantía de acceso universal aos estudos superiores: taxas e política de bolsas**

Unha política de bolsas que apoie o estudantado con menos recursos mais tamén, principalmente no nivel de posgrao, que reteña e atraia talento ao SUG.

Conxelación dos prezos públicos de matrícula complementada con liñas específicas de axudas para familias con baixos ingresos e co reforzamento das bolsas no nivel de grao –concedidas segundo criterios de renda e distancia do lugar de residencia.

Financiamento adecuado dos títulos de mestrado, coa posibilidade de establecer un programa de bolsas específico.

## **4. Persoal: promoción, estabilización e renovación xeracional**

Por tratarse dunha cuestión de competencia estatal, plasmada na LOU e na taxa básica de reposición de efectivos, pularase por acadar unha modificación da LOU mediante a que se integre o corpo de profesorado contratado doutor nun corpo único de funcionariado docente, de xeito que se poda superar o bloqueo causado polas recentes reformas legais e o mantemento do sistema de acreditación.

Promoción dun programa para a contratación de persoal docente e investigador, consensado e cofinanciado coas universidades, de cara á renovación paulatina do plantel actual. Este programa contemplará a estabilización progresiva do profesorado interino que se encontra en situación alegal.

## **5. Unha universidade comprometida co impulso da lingua galega**

Cumprimento das medidas financeiras previstas no PFSUG para a creación dos itinerarios lingüísticos en galego.

## **6. Unha oferta plural e diversificada de titulacións, acorde co carácter público do SUG**

Utilización de criterios cualitativos, e non exclusivamente cuantitativos, para garantir unha oferta plural e diversificada de titulacións: especificidade dos programas formativos, existencia de accións de internacionalización, oferta suficiente nos distintos ámbitos de coñecemento etc.

Reforzo oferta de posgrao garantindo a impartición de programas de mestrado que permitan a continuación de estudos para cada unha das titulacións de grao.

Inicio dun proceso de adscrición das Ensinanzas Artísticas Superiores ao SUG, que suporía o desenvolvemento de dereitos e unha maior cobertura de servizos para o alumnado, evitando a crecente privatización das ensinanzas artísticas. Da mesma forma iniciárase o proceso para a integración plena no SUG das titulacións sanitarias impartidas nos centros do SERGAS.

## **7. Estudos de xénero e feminismos**

Recuperaremos a importancia dos estudos de xénero e feminismos así como a súa coordinación interuniversitaria no marco da ampliación da política de ordenación universitaria galega. Crearemos un programa de doutoramento feminista interuniversitario e multidisciplinar, coordinado polas tres universidades públicas galegas.

## **8. Estudantado: compromiso coa inserción laboral das persoas tituladas nas nosas universidades**

Posta en marcha de programas autonómicos de acceso ao primeiro emprego, desde organismos xa existentes ou através da creación dunha axencia específica para este fin, que contribúan a paliar o exilio económico das e dos xóvenes cun maior nivel de formación académica.

9. Propostas I+D

## **9. Converxer coa media estatal no investimento en I+D**

En Galicia só 0,9 do PIB se destina a I+D; no ámbito estatal é do 1,24 do PIB.

Incremento do investimento público e incentivación do privado en I+D para, cando menos, converxer coa media estatal de gasto en I+D ao final da lexislatura.

Promoción de medidas fiscais para incentivar o investimento do sector privado, complementadas con medidas de apoio directo ao investimento por parte das PEMES.

### **▶ 9.2. Incremento da captación de recursos para a I + D**

Impulsaranse e apoiaranse as medidas e as estruturas precisas para que as universidades poidan incrementar a captación de recursos europeos e internacionais destinados a I + D.

### **▶ 9.3. Deseño dun plan de I+D estratéxico para Galicia**

Dialogaremos co tecido de I+D en Galicia para o establecemento dun Plan de I+D coas seguintes prioridades:

Un sistema de financiamento que fortaleza as unidades de investigación existentes e identifique novas liñas estratéxicas, que se dotarán de persoal e recursos.

A definición de liñas estratéxicas e a revisión da estratexia de especialización intelixente para a investigación e a innovación (RIS3), aprobada pola Comisión Europea para Galicia, coa inclusión das que sexan singulares para os nosos intereses socioeconómicos e/ou daquelas nas que o sistema de I+D galego teña unha actividade de excelencia demostrada ou nas que se identifique unha liña estratéxica de futuro<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Algúns exemplos: sectores produtivos básicos, lingua e cultura, arqueoloxía e patrimonio, enxeñería industrial, química e tecnoloxía, sector naval, as TIC, os recursos marinos etc.

A colaboración estratéxica de unidades de investigación que permitan explotar o uso compartido de recursos favorecendo o impacto da investigación galega a nivel internacional.

Recursos específicos para axudar á consolidación de investigadores emerxentes que teñan demostrado un alto nivel de excelencia e internacionalización.

Deseño da carreira investigadora e establecemento das necesidades de persoal investigador coa creación de prazas estables de investigadores asociados aos centros de investigación xa existentes, seguindo modelos como ICREA ou Ikerbasque.

Establecemento dun programa de doutoramentos industriais para formar persoal investigador que se incardine no tecido produtivo galego, como vantaxe estratéxica de Galicia na I+D+i aplicada.

#### ► **9.4. Programar a I+D para facilitar a planificación e a xestión eficiente do financiamento**

Establecemento dun calendario estable de convocatorias para facilitar a planificación da investigación e a xestión eficiente do financiamento por parte dos grupos de investigación, coa publicación e a resolución das convocatorias para que se poida executar de xeito eficiente o gasto da primeira anualidade (resolución o ano anterior ao inicio da execución ou, cando menos, no primeiro cuadrimestre deste). As convocatorias de contratos predoutorais, vencelladas aos cursos académicos, resolveranse antes do comezo dos mesmos.

Reforzo do programa de contratos predoutorais como inicio á carreira investigadora, duplicando o seu número para chegar a ofertar 250 novos contratos por ano.

#### 9.5. Impulso decidido aos grupos de investigación do SUG

Creación dun marco único no SUG e mesmo no sistema galego de investigación para a definición dos grupos de investigación, homoxeneizando os requisitos actuais, e facilitando a creación de grupos interuniversitarios e de grupos mixtos entre universidades e outros organismos públicos de investigación, como os hospitais.

Introdución da carteira dos grupos e unidades de investigación do SUG na carteira de servizos en réxime de autoprovisión da Xunta de Galicia (art. 8 Lei 14/2013) para que os servizos de investigación prestados polas universidades sexan considerados de contratación preferente polo sector público e a experiencia en innovación e investigación das universidades teña un maior retorno ao sistema público.

#### ► **9.6. Impulso da transferencia ao contorno produtivo e social**

Impulso de programas dirixidos ás universidades para a consolidación das estruturas de transferencia de tecnoloxía que permitan mellorar a interrelación co contorno produtivo, a explotación comercial dos resultados da investigación protexidos mediante patentes, e o incremento da xeración de empresas de base tecnolóxica.

